# Anuncio

Publicado na Sede Electrónica de: Concello de Camariñas
Data: 02/03/26 09:00:00

Exposición: 02/03/26 09:00:00 a 31/03/26 23:59:59

## Anuncio

Departamento de persoal

**Aprobación listaxe provisional de aspirantes admitidos/excluídos praza Coord. Servizos Sociais**

## Información:

EXP: 2026/E001/000001

ANUNCIO

cSs – aprobación de LISTAXE provisional DE ASPIRANTES ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS PARA PARTICIPAR NO
PROCESO SELECTIVO PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA O NOMEAMENTO DE FUNCIONARIO/A
INTERINO/A DO GRUPO A, SUBGRUPO A2, ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA:
COORDINADOR/A SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE CAMARIÑAS.

DATA DE PUBLICACIÓN NO TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO: 2 DE MARZO DE 2026.

Faise público para xeral coñecemento o Decreto da Alcaldía núm. 190/2026, de data 27 de febreiro de 2026, mediante o cal se aproba a listaxe provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo para a creación dunha bolsa de emprego para proceder á provisión temporal de prazas mediante o nomeamento de funcionarios interinos da escala de Administración Especial, Subescala Técnica, coordinador/a Servizos Sociais do Concello de Camariñas e se convoca aos aspirantes admitidos/as para a realización da 1ª proba da fase de oposición; o cal se transcribe a continuación:

"DECRETO DA ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DE LISTAXE PROVISIONAL DE ASPIRANTES ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS PARA PARTICIPAR
NO PROCESO SELECTIVO PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA O NOMEAMENTO DE FUNCIONARIO/A
INTERINO/A DO GRUPO A, SUBGRUPO A2, ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA:
COORDINADOR/A SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE CAMARIÑAS.

EXPTE.: 2026/E001/0000001

Visto que mediante Decreto de Alcaldía núm. 150/2026 de data 16/02/2026 se aprobaron a bases que rexen a convocatoria para a creación dunha bolsa de emprego para proceder á provisión temporal de prazas mediante o nomeamento de funcionarios interinos da escala de Administración Especial, Subescala Técnica, coordinador/a Servizos Sociais do Concello de Camariñas.

Visto que tanto a convocatoria como as bases de selección foron obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia núm. 34 de 20/02/2026 e a título meramente informativo na sede electrónica do Concello de Camariñas.

Considerando que ten finalizado o prazo de presentación de instancias para tomar parte no presente proceso selectivo, revisadas as mesmas e documentación aportada, considerando que todos/as aspirantes reúnen os requisitos, de conformidade co previsto na base oitava da convocatoria e en uso das competencias que me atribúe o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, pola presente

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a seguinte listaxe provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo para a creación dunha bolsa de emprego para proceder á provisión temporal de prazas mediante o nomeamento de funcionarios interinos da escala de Administración Especial, Subescala Técnica, coordinador/a Servizos Sociais do Concello de Camariñas,

Admitidos/as:

-----

-- NÚM.

-- APELIDOS E NOME

-- DNI

# Anuncio

Publicado na Sede Electrónica de: Concello de Camariñas
Data: 02/03/26 09:00:00

Exposición: 02/03/26 09:00:00 a 31/03/26 23:59:59

-----

-- 1

-- VÁZQUEZ SUÁREZ, UXÍA

-- ***0098**

-----

-- 2

-- DOMÍNGUEZ SUÁREZ, JOSEFA MARÍA

-- ***3803**

-----

-- 3

-- BERMÚDEZ VÁZQUEZ, MARÍA VANESSA

-- ***6894**

-----

-- 4

-- LEMA BAÑA, LETICIA

-- ***2925**

-----

-- 5

-- LEMA NIÓN, OLALLA LLAIZA

-- ***0020**

-----

-- 6

-- MOREIRA MARTÍNEZ, LAURA

-- ***4428**

-----

-- 7

-- LEMA ORDÓÑEZ, MARÍA

-- ***4295**

-----

Excluídos/as:

-----------------

Segundo.- Outorgar un prazo de 3 días naturais, a partir do día seguinte á publicación do presente acordo no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Camariñas, para que calquera dos interesados que o consideren oportuno proceda a subsanar as deficiencias ou presentar as alegacións que estimen oportunas contra a citada listaxe provisional de admitidos e excluídos. No caso de que no citado prazo non se presentasen reclamacións contra a lista provisional, ou non houbera ningún aspirante excluído, entenderase como definitiva.

Terceiro.- Proceder á designación nominal dos membros, titulares e suplentes, do Tribunal

de Selección, que serán os seguintes:

-----

-- PRESIDENTE

-- Titular

-- María Emilia García Maneiro, Interventora do Concello Camariñas.

-----

--

-- Suplente

-- Gema Leal Insua, Tesoureira do Concello Camariñas.

-----

-- VOGAIS

-- Titular

-- María Asunción Méndez Vilalta, Arquitecta do Concello Camariñas.

-----

--

-- Suplente

-- Antía Pena Dorado, Asesora Técnica RRHH da Deputación Lugo.

-----

--

-- Titular

-- Alicia Queiro Pérez, Técnico Xestión Económico Financeira do Concello Camariñas.

-----

--

-- Suplente

-- María Teresa Cid Poza, Técnico Administración Xeral do Concello de Ribeira.

-----

--

-- Titular

-- Angélica Pose Lema, Traballadora Social do Concello de Zas.

-----

--

-- Suplente

-- Luis Taboada Hervella, Interventor do Concello de Brión.

-----

-- SECRETARIA

-- Titular

-- Eva Jardón López, Secretaria do Concello Camariñas.

-----

--

-- Suplente

-- Francisco Javier Novoa Juíz, Secretario do Concello Vimianzo.

-----

Cuarto: Que o Tribunal se reúna para a súa constitución o día 13 de marzo de 2026, ás 9:00 horas no salón de plenos da Casa do Concello.

Quinto.- Convocar aos aspirantes admitidos/as para o próximo día 13 de marzo de 2026, ás 10:00 horas, no salón de plenos da Casa do Concello (praza de Insuela, núm. 57 - Camariñas), para a realización da primeira proba prevista na base 10ª da convocatoria (fase de oposición), cuestionario tipo test sobre o contido do programa da convocatoria contido no Anexo I das bases (parte xeral e parte específica).

Os exercicios, probas e no seu caso lecturas de exercicios escritos practicaranse nun chamamento único, sendo excluído do proceso selectivo quen non compareza, calquera que sexa a causa, salvo previsión normativa específica de rango superior. O chamamento para o inicio das probas realizarase por orde alfabético do primeiro apelido de cada un dos aspirantes.

Os aspirantes deberán acreditar a súa personalidade coa exhibición do documento nacional de identidade ou pasaporte.

Sexto.- Facer público o presente decreto, de conformidade coa base 8ª da convocatoria, mediante a inserción dos correspondentes anuncios no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Camariñas.

Sétimo.- Dar traslado do presente decreto aos membros do Tribunal Cualificador.

Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola alcaldesa Sandra Insua Rial ante min, a secretaria, que asino aos únicos efectos de fe pública”.

Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Alcaldesa en funcións Dª Sandra Insua Rial.